



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TEO

Bases reguladoras da convocatoria de axudas para o ensino e o transporte curso escolar 2023/2024

EDICTO

A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 2 de outubro de 2023 por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res 783/23)) acorda:

Primeiro.- Aprobar as bases da convocatoria de axudas para o ensino e o transporte 2023/2024 que de seguido se reflicten.

Segundo.- Ordenar a publicación das citadas bases no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal.

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O ENSINO E O TRANSPORTE DO CONCELLO DE TEO 2023/2024

· **Primeira. Obxecto da convocatoria.**

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública que efectúa o Concello de Teo para a concesión de bolsas de estudo para os gastos de material escolar, (poden incluírse como material escolar, instrumentos musicais solicitados polos centros), libros de texto e contidos dixitais destinados a favorecer a escolarización pública e formación universitaria en familias con menos recursos económicos.

· **Segunda. Destinatarios/as e requisitos.**

Para ser beneficiario destas axudas é preciso cumprir os seguintes requisitos:

- Cursar estudos nalgún dos seguintes centros de ensino para os que se solicita a axuda:
 - **PRIMARIA E INFANTIL:** todos os centros públicos do Concello (CEIP A Ramallosa, Os Tilos, Calo e CRA)
 - **ESO:** IES de Cacheiras e Pontepedriña e alumnado que curse noutro IES algunha modalidade de ESO que non exista nos centros anteriores.
 - **FP OU PCPI:** calquera centro público
 - **BACHARELATO:** IES de Cacheiras , IES de Pontepedriña e o alumnado que curse noutro IES algunha modalidade de Bacharelato que non exista nos centros anteriores.
 - **UNIVERSITARIOS:** calquera universidade galega.
 - **ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL-ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES:** Calquera centro galego.
- **O ALUMNADO cuxas necesidades educativas especiais** impidan a súa escolarización nun centro ordinario do municipio, poderá solicitar a axuda para a asistencia a un Centro de ensino de Educación Especial, aínda que non estea localizado no Concello.
 - Que a renda per cápita familiar non supere os límites establecidos na base sexta da presente convocatoria.
 - Estar empadroado no Concello de Teo e ser fillo dependente economicamente. Non pode beneficiarse destas axudas o alumnado que non sexa dependente economicamente. Consideraranse fillos dependentes economicamente os menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a axuda sempre que non teñan un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano 2022.
 - Presentar certificado de matrícula (ou resgardo de ter pagada a matrícula, selado pola entidade bancaria) do/a alumno/a para o curso 2023/2024 (agás alumnos/as de Primaria, Infantil e ESO).
 - Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario, recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

- As axudas serán solicitadas polos representantes legais do alumnado: os pais, as nais ou os titores, e no caso de alumnos/as de entre 18 e 25 anos poderán facelo tamén os propios beneficiarios.
- Poderán ser beneficiarios da axuda de transporte os estudantes dos centros situados fóra da área de transporte metropolitano de Santiago. Alumnado de:
 - o Formación Profesional .
 - o PCPI.
 - o Universitarios.
 - o Alumnado de Bacharelato.
 - o Alumnado de ensinanzas artísticas superiores.

· **Terceira. Solicitudes e documentación necesaria.**

Documentación obrigatoria:

- a) As solicitudes para a concesión destas axudas formalizaranse no impreso normalizado que se inclúe como Anexo I e poderá así mesmo obterse nas oficinas xerais (Rexistro de Entrada) do Concello de Teo ou ben a través da páxina web: <https://www.teo.gal/gj/tramites/convocatoria>
- b) Xunto coa solicitude, no modelo normalizado e debidamente cuberto, presentárase a seguinte **documentación**:
 - a) Fotocopia do DNI do solicitante.
 - b) Fotocopia do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.
 - c) Fotocopia da declaración da renda correspondente ao exercicio 2022 dos pais ou titores legais. No caso de non estar obrigado a presentar a declaración do IRPF, copia da notificación-liquidación ou certificado acreditativo do nivel de rendas emitido pola Axencia de Administración Tributaria que corresponda. Excepcionalmente, se a unidade familiar alega carecer de recursos, ou quere acreditar unha situación excepcional, imprevista ou de carácter de especial necesidade que afecte negativamente á situación familiar ou no caso de percibir pensións non contributivas deberá acreditarla mediante informe social. Nos casos de separación ou divorcio estase ao previsto na Base 6ª para a determinación dos membros da unidade familiar. Os fillos entre 18 e 25 anos inclusive, que perciban rendas e non figuren na declaración da renda dos pais aínda que residan con eles, deberán acreditar os seus rendementos e computarán como ingresos da unidade familiar.
 - d) No caso de presentar solicitudes para varios irmáns, non é necesario duplicar documentación.
 - e) Facturas **orixinais ou copia cotexada, ou no seu caso certificado selado do gasto en material expedido polo centro educativo**, que acrediten o gasto realizado en material escolar, libros ou contidos dixitais para o alumnado de primaria, infantil e E.S.O. Dado o carácter finalista das axudas desta convocatoria, en ningún caso, o importe da axuda concedida polo Concello poderá ser superior ao gasto realizado polo/a beneficiario/a. En consecuencia, de ser necesario, realizarase o oportuno axuste na cantidade da axuda concedida en cada caso. Se se detectasen facturas falsas ou fraude na declaración dos datos facilitados se perderá o dereito a obter as axudas en anos seguintes.
 - f) Certificado da matrícula expedido polo centro educativo ou resgardo de ter pagada a matrícula, selado pola entidade bancaria para o alumnado de Bacharelato, F.P, PCPI, universitarios, ensinanzas artísticas superiores , alumnado con necesidades educativas especiais, e aqueles alumnos que estean cursando ESO noutra modalidade distinta das impartidas no IES de Cacheiras e de Pontepedriña.
 - g) **Declaración responsable** de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e da Seguridade Social, de non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas e de estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, e **autorización** ao Concello de Teo para que realice as comprobacións oportunas durante todo o período que dure o proceso, segundo Anexo II.

Documentación complementaria:

- h) Certificado que acredite o grao de minusvalía e/ou incapacidade nun grao igual ou superior ao 33% dalgún membro da unidade familiar, se procede.
- i) Certificado que acredite a situación de desemprego por un período superior a 6 meses durante o ano 2022 dalgún membro da unidade familiar, se procede.
- j) Documentación acreditativa da situación de familia monoparental ou de ausencia de ambos os dous proxenitores.

• **Cuarta. Lugar e prazo de presentación das solicitudes.**

- ✓ A solicitude presentarase no rexistro xeral do Concello de Teo, de luns a venres en horario de 8:00 a 14:00 horas, ou ben a través da sede electrónica (dispoñible durante as 24 h dos 365 días do ano), ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- ✓ O prazo de presentación de solicitudes será de **20 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.**

• **Quinta. Contía das bolsas**

O Concello de Teo aboará as bolsas aos beneficiarios que reúnan todos os requisitos previstos na base segunda e presenten a súa solicitude dentro do prazo establecido na convocatoria xunto coa documentación requirida na base terceira.

Os importes máximos das axudas de ensino, por alumno/a e curso serán os que se reflicten na táboa seguinte:

CURSO	IMPORTE DA AXUDA
EDUCACIÓN INFANTIL	100 €
1º A 6º DE PRIMARIA, 1º, 2º, 3º E 4º DA E.S.O, PCPI, e outras modalidades de ESO	100 €
ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS	150 €
BACHARELATO, F.P.	150€
UNIVERSIDADE, ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES	200€

Os importes das axudas de transporte, por alumno e curso determinaranse en función da situación do centro educativo, tal e como se indica na seguinte táboa:

DISTANCIA EN KMS	IMPORTE BOLSA
Centros situados fóra da área metropolitana de Santiago	200 €

• **Sexta. Valoración das solicitudes**

Na valoración das solicitudes teranse en conta a renda per cápita familiar e o exercicio fiscal 2022.

A renda per cápita familiar englobará os ingresos de todos os membros da unidade familiar divididos polo número de membros computables.

Para o previsto nestas bases considérase que compoñen a **unidade familiar**:

- a) Os pais non separados legalmente e, no seu caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.
- b) Os fillos menores de idade, con excepción dos emancipados.
- c) Os fillos maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- d) Os fillos solteiros menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a bolsa sempre que non tiveran un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano 2022.
- e) No caso de familias monoparentais, para os efectos do cálculo da renda per cápita, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Considerarase familia monoparental aquel “núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou as fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento” (artigo 13 da Lei 3/2011). Para os efectos da consideración da monoparentalidade, e sempre que o fillo ou filla teña sido recoñecido por ambos/ambas proxenitores/as, no caso de non existir acordo xudicial algún no referido ao outorgamento da garda e custodia así como a atribución de pensión de alimentos en favor da/do menor estimarase como xustificación suficiente a declaración xurada do proxenitor/proxenitora/responsable legal solicitante, sen prexuízo de que a administración poida efectuar maiores comprobacións valéndose dos medios legalmente establecidos.
- f) No caso de ausencia de ambos os dous proxenitores, para os efectos do cálculo da renda per cápita, incrementarase nun 1,6 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

- g) Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos do apartado anterior.
- h) No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante da bolsa de axuda. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou convenio regulador onde conste a custodia do menor (agás nos casos de custodia compartida).
- i) Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.
- j) Nos casos de violencia de xénero, non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita da unidade familiar.

A valoración das solicitudes presentadas efectuarase segundo o seguinte cadro de puntuacións:

Renda per cápita familiar	Puntuación
De 0 € a 5.000 €	6
De 5.001 € a 6.000 €	4
De 6.001 € a 7.500 €	2

As rendas per cápita superiores a 7.500€ non terán dereito a axuda de ensino, nin de transporte.

Ademais da renda per cápita teranse en conta as seguintes circunstancias sempre que se acrediten co correspondente certificado:

- Si algún membro da unidade familiar ten unha minusvalía igual ou superior ao 33%, puntuarase esta circunstancia con 2 puntos adicionais.
- Cando o pai/nai ou titor/a acrediten a situación de desemprego durante máis de seis meses no ano 2022 incrementarase a valoración con 2 puntos adicionais.
- **Sétima. Importe máximo e crédito orzamentario**

O importe total para axudas de ensino e transporte prevese en **35.000 €**, e levarase a cabo mediante a tramitación anticipada de gasto que se imputará ao crédito do **exercicio 2024**, á aplicación orzamentaria 320/480.00, ao abeiro do establecido no artigo 56 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo). De acordo co mesmo, a concesión das axudas queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución da concesión.

- **Oitava. Do procedemento de concesión das axudas**

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas serán valoradas pola comisión avaliadora conforme aos criterios establecidos na base 6ª. Posteriormente publicarase no taboleiro de edictos do Concello unha lista provisional e abrirase un prazo de 10 días para subsanación de documentación. Transcorrido este prazo a Comisión emitirá unha proposta definitiva que será fiscalizada pola Intervención municipal e de seguido procederase á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local así como á súa publicación no taboleiro de edictos do Concello.

- **Novena.-Compatibilidade**

A percepción destas axudas será **compatible** coa percepción doutras coa mesma finalidade que se poidan percibir doutras administracións.

- **Décima.-Comisión avaliadora**

A comisión avaliadora das solicitudes e documentación estará formada por:

- A concelleira de Educación
- A auxiliar administrativa de cultura
- O técnico da Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local.
- A auxiliar de servizos económicos.

· **Onceava.-xustificación**

A documentación xustificativa presentarse no mesmo momento da solicitude.

- Xustificantes esixidos para as **axudas de ensino**:

ALUMNOS DE:	TIPO DE XUSTIFICANTE
PRIMARIA, INFANTIL E ESO	Facturas orixinais ou copias cotexadas que acrediten o gasto realizado en material escolar, libros ou contidos dixitais, ou no seu caso certificado do gasto en material expedido polo centro educativo
BACHARELATO, FP, PCPI, UNIVERSITARIOS, ENSEÑANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES, ALUMNADO CON NEE	Certificado de matrícula, ou resgardo de ter pagada a matrícula, selado pola entidade bancaria.

-Xustificantes esixidos para as **axudas de transporte**:

ALUMNOS DE:	TIPO DE XUSTIFICANTE
- BACHARELATO, FP, PCPI, UNIVERSITARIOS, ENSEÑANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES, E alumnos que cursen ESO en centros distintos aos de Cacheiras e Pontepedriña, en modalidades que non existan nos anteriores.	Certificado de matrícula, ou resgardo de ter pagada a matrícula selado pola entidade bancaria.

· **Disposición derradeira**

Concederanse as presentes axudas ata o límite orzamentario previsto na aplicación orzamentaria destinada para tal fin no Orzamento Xeral do Concello de Teo para o ano 2024 (como tramitación anticipada de gasto). De verse superada esta contía na valoración das solicitudes, priorizarase a concesión de axudas ás unidades familiares que obteñan maior puntuación na valoración das solicitudes. A igual puntuación, terán prioridade as solicitudes con menor renda per cápita.

Teo, 20 de setembro de 2023

A concelleira de Educación

María Vázquez Rey

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE DE AXUDAS PARA O ENSINO E O TRANSPORTE - CONVOCATORIA PÚBLICA COMPLEMENTARIA
CURSO 2023/2024

DATOS DO/DA SOLICITANTE (PAI/NAI-TITOR/TITORA/ ALUMNOS ENTRE 18 A 25 ANOS)

NOME E APELIDOS	
NIF	
ENDEREZO	
TELÉFONO	
IBAN: CC:	

DATOS DO/A ALUMNO/A

NOME E APELIDOS	
CURSO	
CENTRO DE ESTUDOS	

AXUDA SOLICITADA:	<input type="checkbox"/> AXUDA DE ENSINO
	<input type="checkbox"/> AXUDA de transporte (só centros de ensino fóra da área metropolitana de Santiago)

a) **DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA QUE SE ACHEGA** (marque cun x) (unha soa fotocopia para todas as solicitudes da mesma unidade familiar):

- Fotocopia do DNI do/da solicitante (pai/nai-titor/titora ou alumnado entre 18 e 25 anos.
- Fotocopia do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.
- Declaración responsable do/da solicitante segundo Anexo II.

b) Ingresos da unidade familiar (elixir a opción que corresponda): (unha soa fotocopia para todas as solicitudes da mesma unidade familiar):

- Fotocopia da declaración da renda (IRPF) 2022
- Certificado da AEAT de non ter presentado a declaración no que se acrediten os ingresos obtidos no exercicio 2022
- Outra documentación xustificativa dos ingresos da unidade familiar.

c) **DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE SE ACHEGA** (marque cun x):

- Certificado que acredite o grao de minusvalía dalgún membro da unidade familiar (se procede).
- Certificado que acredite a situación de desemprego por período superior a 6 meses dalgún membro da unidade familiar (se procede) durante o ano 2022.
- Documentación acreditativa da situación de familia monoparental ou de ausencia de ambos os dous proxenitores.

d) **XUSTIFICACIÓN OBRIGATORIA DAS AXUDAS DE ENSINO E TRANSPORTE:**

- Facturas orixinais ou copias cotexadas, ou certificado selado do gasto en material escolar, libros ou contidos dixitais, ou no seu caso certificado do gasto en material expedido polo centro educativo (alumnado de Primaria, Infantil e ESO)
- Certificado da matrícula expedido polo centro educativo (Bacharelato, FP e universitarios/as, ensinanzas artísticas superiores, PCPI e alumnado con NEE).

Teo,dede 2023

Asdo.:

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ANEXO II**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D./D.^a _____, con NIF/pasaporte _____,
pai, nai, titor/a do/a, dos/das alumno/a, alumnos/as, alumnos solicitantes de 18 a 25 anos _____

DECLARO:

- 1.-Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- 2.- Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- 3.- Estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.

AUTORIZO:

- Ao concello de Teo para que realice as comprobacións oportunas en relación cós apartados anteriores, durante todo o período que dure o proceso de concesión e pago das axudas para o curso 2023/2024.

_____, _____ de _____ de 2023

Asdo.:

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

Teo, 4 de outubro de 2023

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz

2023/7913